

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

CORRECCIÓN DE ERROS. Resolución do 17 de marzo de 2017, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo.

Advertidos erros na dita resolución publicada no *Diario Oficial de Galicia* núm. 59, do 24 de marzo de 2017, cómpre efectuar as seguintes correccións:

Na páxina 14168 no artigo 15.2.1, onde di: «..., este por incompatibilidade e ao arquivamento do expediente.», debe dicir: « este procederá á resolución por incompatibilidade e ao arquivo do expediente».

Na páxina 14170 no artigo 20.1, onde di: «...e no artigo 13.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.», debe dicir: «... e no artigo 17.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.».

